



## PROPOSICIÓN SOBRE O REMATE ADS OBRAS DE MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE NO BARRIO DE VISTA ALEGRE

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


As obras que se están a acometer para a mellora da mobilidade e accesibilidade do Barrio de Vista Alegre, concibidas en 3 fases, arrastran tal demora na súa tramitación e execución que teñen superado todas as previsións e están a crear unha lóxica inqueda e malestar entre a veciñanza.

A aprobación en novembro de 2013 dos proxectos das dúas primeiras fases, coa conseguinte apertura do expediente de contratación, supuxo o inicio dunha actuación longamente demandada. Desde entón sucedéronse as adxudicacións destas dúas fases en abril e decembro de 2014, respectivamente, e comezaron as executarse os primeiros traballos previstos que, fundamentalmente, teñen como finalidade a demolición das terrazas dos bloques de vivendas do ámbito de actuación, a supresión de barreiras arquitectónicas, a reordenación do tráfico, a apertura de rúas peonís, a canalización dos servizos existentes e doutros novos, a reordenación das zonas de aparcamento e o soterramento de colectores de lixo.

Estas dúas fases, incluídas no programa Urbana Santiago Norte e cofinanciadas con recursos europeos, tiñan un prazo de execución de 7 meses e medio e 10 meses, respectivamente, polo que as previsións para o seu remate non debían ir moito máis alá de febreiro de 2015 e de agosto de 2015, manténdose en todo caso dentro do prazo do 31 de decembro que determina o financiamento da UE.

As dificultades da empresa adxudicataria da primeira fase fixo necesario adoptar unha solución administrativa, producíndose unha cesión das obras a unha nova empresa en xaneiro de 2015, semanas antes de que rematara o prazo contractual, para continuar uns traballos que apenas acadaban o 20% da obra e evitar así o recurso a un novo procedemento de contratación, que suporía un retraso aínda maior ao que xa se viña producindo. O novo prazo estimábase no mes xuño de 2015.

Co inicio dun novo mandato, o actual Goberno informou da paralización das obras para atender á solicitude da veciñanza de determinada modificación nos traballos que se estaban a executar, uns cambios que ao parecer foron recollidos, segundo a información municipal, nun proxecto complementario que se integraría na fase 3 –financiada con fondos municipais- e que se executaría en paralelo á fase 1.



Aínda que o Goberno —a través do concelleiro responsable nesta área- manifestou publicamente no mes de setembro pasado que as obras da fase 1 e 3 se executarían en paralelo para rematalas no 31 de decembro de 2015, nove meses despois as obras da fase 3 aínda acaban de ser adxudicadas o pasado 1 de xullo, a pesar do anuncio realizado a inicios de abril de que as obras se adxudicarían en mes e medio, é dicir, a finais de maio.

Na actualidade, coñecemos que a Xunta de Goberno Local autorizou con data de abril a redacción de senllos modificados das fases I e II para adaptalas as novas rasantes previstas na fase III, pero non coñecemos se eses proxectos xa foron presentados.

Daquela, a situación das obras sería a seguinte:

- Está practicamente rematada a primeira fase pero pendente dun modificado para o seu remate.
- Paralizada a execución das obras da segunda fase, polo menos na parte afectada polo modificado cuxa redacción foi autorizada.
- Sen iniciar a terceira fase, que foi licitada en marzo de 2016, que ten proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación do día 9 de xuño de 2016 e que foi adxudicada na Xunta de Goberno do pasado 1 de xullo.

Polo tanto, as obras manteñen un retraso considerable, que está a xerar desde hai meses un comprensible gran malestar entre a veciñanza, que non entende os motivos para esta dilación que prexudica a actividade económica e social do contorno, e sen que se poida intuír unha solución nin un prazo concretos para o remate dos traballos que devolva a normalidade ao barrio.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa consideración por parte do Pleno o seguinte


#### **ACORDO:**

***O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:***

***1.- Articular coa maior urxencia posible as medidas precisas para coordinar e rematar todas as obras de mellora de mobilidade e accesibilidade previstas no barrio de Vista Alegre.***


***2.- Asinar de forma inmediata o contrato e iniciar a execución das obras da terceira e última fase das obras.***

***3.- Tramitar coa maior urxencia os expedientes das modificacións das obras das fase I e II sen obviar o trámite da consideración da comisión asesora.***



**4.- Informar á veciñanza das medidas adoptadas e do prazo concreto previsto para o remate definitivo das obras.**

Santiago de Compostela, a 6 de xullo de 2016.



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

